

COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2016

Acórdase/apróbase por asentimento¹:

1. A acta da reunión ordinaria do día 28 de outubro de 2016.
2. A modificación dos Anexos I e V do Manual de Calidade.
3. A renovación da Comisión de Calidade no sector de alumnado do Máster universitario en avogacía.
4. Introducir as modificacións propostas no Plan estratéxico da Facultade de Dereito 2015-2018 polo Sr. Vicedecano de Planificación e Calidade e tratar na vindeira reunión a inclusión dos novos eixos de actuación, sobre prácticas externas e internacionalización.
5. O documento de reflexión sobre o perfil de ingreso e egreso do alumnado do Grao en Dereito.
6. O cronograma de actividades para o segundo cuadrimestre do curso 2016-17 coas inclusións propostas pola Sra. Decana.
7. Tratar conxuntamente o informe de Resultados de PDI, o informe de Resultados de Avaliación e o informe Relativo a QSP correspondentes ao curso 2015-16 no informe de Revisión do Sistema pola Dirección correspondente ao curso 2015-2016.
8. Respecto ao informe provisional de Revisión do Sistema pola Dirección correspondente ao curso 2015/2016:
 - a) Delegar no Sr. Vicedecano de Planificación e Calidade a elaboración das conclusións.
 - b) Elevar o informe á Xunta de Facultade para a súa aprobación.
 - c) Incluír as melloras propostas no Informe no Plan provisional de Melloras do Centro
 - d) Reformar as metas e indicadores ligados a obxectivos de calidade seguindo as directrices previstas no Informe.
 - e) Enviar un escrito á Área de Calidade lembrando a necesidade de modificar os procedementos pendentes de modificación, algún deles con considerable retraso.
9. Respecto ao Plan de Melloras parcial do centro para o curso 2016-17 e do seguimento do Plan de melloras do curso 2015-16.
 - a) Validar o Plan de Melloras parcial do centro para o curso 2016-17 incluíndo unha nova columna no excel das melloras onde figure a persoa directamente responsable (a maiores do responsable de seguimento, que será en todo caso a propia Comisión de calidade).
 - b) Delegar na Sra. Coordinadora do Grao e no Sr. Vicedecano de Planificación e Calidade a inclusión de reformas puntuais no texto das melloras para aclarar o seu alcance.
 - c) Validar o seguimento do plan de melloras do curso 2015-2016.
10. Validar as modificacións á memoria do Grao en Dereito coa corrección dos erros formais detectados.
11. Validar o cadro de metas e indicadores vinculados a obxectivos de calidade.
12. A manifestación da conformidade de someter ao Grao en Dereito ao procedemento de acreditación.
15. Validar o Informe provisional de autoavaliación do Grao en Dereito para o procedemento de renovación da acreditación.
16. A validación do Regulamento do TFM do Máster universitario en Avogacía para o seu envío á Comisión Permanente.




17. O pronunciamento a favor da convocatoria dunha praza de bolseiro/a de calidade con cargo aos orzamentos do centro.

18. Delegar no Sr. Vicedecano de Planificación e Calidade as eventuais correccións no Informe de Revisión do Sistema pola Dirección, derivadas de indicacións da Área de Calidade ou da detección de erros, previa a súa aprobación pola Xunta de Facultade.

Ourense, 21 de decembro de 2016

Decanato
Facultade de Dereito
Universidade de Vigo



Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 20 de decembro de 2016, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios e na web da Facultade o día 21 de decembro de 2016.



Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

¹Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.